

ACORDOS
SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DIA 16 DE XULLO DE 2015

Na casa consistorial de Tordoia sendo as trece horas, do día dezaseis de xullo de dous mil quince, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretario:

D. Alfonso García Ferreira

ORDE DO DIA

1. OFERTA CON OPCIÓN DE COMPRA DUN VEHÍCULO PARA BRIGADA DE INCENDIOS E O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS MUNICIPAIS.-
2. INICIO CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA O PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA.-
3. DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA SOLICITADA POR OVIGA, S.L. DA OBRA CAMIÑO MONTEVELLO ANDOIO.-
4. INICIO CONTRATACIÓN DA OBRA SOBRE ANCHOS CAMIÑO DA Balsa ABOI E OUTROS (CONVENIO 102/2015 DEPUTACIÓN CONCELLO).
5. COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS SOLICITADA POR J. R. B. PARA CAMBIO DE TELLADO DE VIVENDA EXISTENTE.-
6. COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS SOLICITADA POR M. B. J. PARA CAMBIO DE CUBERTA DUN ALPENDRE E COLOCACIÓN DE PORTAL DE PECHE DE FINCA.-
7. COMUNICACIÓN PREVIA DE TRANSMISIÓN DE LICENZA CAFE BAR, SITO EN BARDAOS, PROPIEDADE DE M. L. C. A FAVOR DE M. J. B. L.-
8. CORRECIÓN DE ERROS EXISTENTES NA EXPEDICIÓN DA LICENZA URBANÍSTICA E DE ACTIVIDADE PARA ESTABULACIÓN LIBRE DE GANDO VACÚN DE LEITE, FOSA DE XURRO E SILOS PARA ALMACENAR FORRAXE.-
9. ESCRITO DE M. N. L. SOBRE COLOCACIÓN DE PORTAL E CONSTRUCCIÓN DE MURO EN VILAR CASTENDA.-
10. ESCRITO DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SAN CIPRIAN DE VILA DE ABADE SOLICITANDO MELLORA NA SINTONIZACIÓN DA T.D.T. EN TERCIO DE ARRIBA.-
11. ESCRITOS PRESENTADOS POLAS COMISIÓN DE FESTAS SOLICITANDO UNHA AXUDA ECONÓMICA PARA CELEBRACIÓN DOS FESTEXOS.
12. ESCRITO DE BRISAS DO QUENLLO SOLICITANDO COLABORACIÓN ECONÓMICA PARA DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS CULTURALS.-
13. SOLICITUDE DE X.X.X. PARA INCLUSIÓN NO PROGRAMA DE ALIMENTOS.-
14. SOLICITUDE DE X.X.X. DE AXUDA NO FOGAR.-
15. SOLICITUDE DE X.X.X DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.-

16. ESCRITO DE P. C. C. DE VILAR- CASTENDA, SOLICITANDO VARIACIÓN DE CAMIÑO EN CASTENDA.-
17. SOLICITUDE DE ACOMETIDA A REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA.-
18. ESCRITO DO XEFE DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.-
19. AUTO DO 03/06/2015 DO XULGADO CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVO Nº 3 DE A CORUÑA.-
20. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE TOURO E O CONCELLO DE TORDOIA PARA O XVIII TORNEO INTERMUNICIPAL DE FÚTBOL SALA SENIOR.-
21. CERTIFICACIÓN DE OBRAS INCLUIDAS NO PLAN DTC 93: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS.-

1. OFERTA CON OPCIÓN DE COMPRA DUN VEHÍCULO PARA BRIGADA DE INCENDIOS E O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS MUNICIPAIS.-

Acordos adoptados:

- 1.Compra do vehículo ofertado, nos propios termos da oferta presentada.

2. INICIO CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA O PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA.-

Acordos adoptados:

- 1.Aprobar a proposta da Alcaldía

3. DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA SOLICITADA POR OVIGA, S.L. DA OBRA CAMIÑO MONTEVELLO ANDOIO.-

Acordos adoptados:

- 1.Devolución da garantía toda vez que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 102 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

4. INICIO CONTRATACIÓN DA OBRA SOBRE ANCHOS CAMIÑO DA Balsa ABOI E OUTROS (CONVENIO 102/2015 DEPUTACIÓN CONCELLO).

Acordos adoptados:

PRIMEIRO. Que se inicie o procedemento de adxudicación do contrato das obras por procedemento negociado sen publicidade, consistentes en:

Denominación da obra	Orzamento base de licitación	IVE	Orzamento total
Sobreanchos camiño da Balsa-Aboi e outros	133.581,23€	28.052,06€	161.633,29€

SEGUNDO. Que se inclúa o prego tipo de cláusulas administrativas particulares da Deputación Provincial da Coruña que han de rexer a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos Plan Provinciais que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación, publicadas no B.O.P. nº 103 do 01/06/2012, e ANEXO V de adaptación á lexislación vixente

dende a indicada data e que se achega xunto coa circular de contratación remitida pola Deputación Provincial, así como os criterios de adxudicación que figuran no anexo IV.

TERCEIRO. Que o interventor faga a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que supón a realización deste contrato e que emita un informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

CUARTO. Que Secretaría emita un informe ao respecto se a fiscalización previa é favorable.

QUINTO. Informar sobre todo o actuado a Xunta de Goberno Local para que resolva o que sexa procedente.

5. COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS SOLICITADA POR J. R. B. PARA CAMBIO DE TELLADO DE VIVENDA EXISTENTE.-

Acordos adoptados:

1. Autorizar as obras á vista do expediente e previo cumprimento das abrigas administrativas, e consonte o artigo 194.5 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

6. COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS SOLICITADA POR M. B. J. PARA CAMBIO DE CUBERTA DUN ALPENDRE E COLOCACIÓN DE PORTAL DE PECHE DE FINCA.-

Acordos adoptados:

1. Autorizar as obras á vista do expediente e coas condicións establecidas no informe dos servizos técnicos municipais de data 29/06/2015 e previo cumprimento das obrigas administrativas, e consonte o artigo 194.5 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

7. COMUNICACIÓN PREVIA DE TRANSMISIÓN DE LICENZA CAFE BAR, SITO EN BARDAOS, PROPIEDAD DE M. L. C. A FAVOR DE M. J. B. L.-

Acordos adoptados:

PRIMEIRO.- Autorizar a transmisión da dita licenza a favor de M.J.B.L. para desenvolver a actividade de café bar no lugar de Bardaos.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación de taxas regulada na ordenanza fiscal nº 5 por licenzas actividade.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao adquirente.

8. CORRECIÓN DE ERROS EXISTENTES NA EXPEDICIÓN DA LICENZA URBANÍSTICA E DE ACTIVIDADE PARA ESTABULACIÓN LIBRE DE GANDO VACÚN DE LEITE, FOSA DE XURRO E SILOS PARA ALMACENAR FORRAXE.-

Acordos adoptados:

1. Correxir o acordo do 13 de abril de 2012 dado no seu punto primeiro, dándolle unha nova redacción e quedando os demais puntos tal como figuran no antedito acordo:

A) PROMOTOR: S.A.T.B.

B) SITUACION EMPRAZAMENTO: Andoio (Tordoia)

- C) TECNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: M. D. R. C., Enxeñeiro Técnico Agrícola colexiado: XXXX.
- D) PRAZO PARA INICIO E TERMINACION DAS OBRAS: segundo disposto no punto 3°
- E) CONTÍA NAS QUE SE ORZAN AS OBRAS, EXECUCIÓN MATERIAL: 361.540,56 €
- F) ALTURA, VOLUMES E OCUPACION DE PARCELA PERMITIDOS: 4,80 m; 0,49 m³/m² 9.148,61 m³; 2.822,06 m².
- G) FI NALI DADE DE ACTUACIÓN E USO AO QUE SE DESTINARÁ: ESTABULACIÓN LIBRE DE GANDO VACÚN DE LEITE, FOSA DE XURRO E SILOS PARA ALMACENAR FORRA EN VERDE
- H) CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA DO SOLO OBXECTO DE ACTUACIÓN: SOLO NON URBANIZABLE RÚSTICO · ordenanza Z-1 (NNSS)· SOLO RÚSTICO (LOUPMRG).

9. ESCRITO DE M. N. L. SOBRE COLOCACIÓN DE PORTAL E CONSTRUCCIÓN DE MURO EN VILAR CASTENDA.-

Acordos adoptados:

Primeiro.- Polos servizos técnicos e policía local se emita informe sobre a existencia das correspondentes autorizacións administrativas así como se o camiño de referencia é de titularidade pública o non.

Segundo.- Dar Audiencia e requerir a Don A. C. L. para que, no prazo de dez días, alegue o que estime oportuno.

10. ESCRITO DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SAN CIPRIAN DE VILA DE ABADÉ SOLICITANDO MELLORA NA SINTONIZACIÓN DA T.D.T. EN TERCIO DE ARRIBA.-

Acordos adoptados:

Poñer en coñecemento dos responsables as deficiencias existentes para solventar esta situación, inclusive as encamiñadas ao cambio do repetidor colocado na zona para poder ter unha mellor conexión e servizo aos usuarios.

11. ESCRITOS PRESENTADOS POLAS COMISIÓN DE FESTAS SOLICITANDO UNHA AXUDA ECONÓMICA PARA CELEBRACIÓN DOS FESTEXOS.

Acordos adoptados:

1. Conceder unha axuda económica como en anos anteriores e que está incluída nos orzamentos municipais.

12. ESCRITO DE BRISAS DO QUENLLO SOLICITANDO COLABORACIÓN ECONÓMICA PARA DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS CULTURAIS.-

Acordos adoptados:

1. Conceder unha axuda de 400 euros a través dun convenio de colaboración con algunha actuación que poida realizar a citada asociación dentro do municipio.

13. SOLICITUDE DE X.X.X. PARA INCLUSIÓN NO PROGRAMA DE ALIMENTOS.-

Acordos adoptados:

1. Prestar a súa aprobación nos termos da súa redacción

14. SOLICITUDE DE X.X.X. DE AXUDA NO FOGAR.-

Acordos adoptados:

1. Acordar por unanimidade incluía a persoa solicitante no mencionado servizo.

15. SOLICITUDE DE X.X.X DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.-

Acordos adoptados:

1. Informar favorablemente a petición e que se lle emita a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, conforme a normativa vixente.

16. ESCRITO DE P. C. C. DE VILAR- CASTENDA, SOLICITANDO VARIACIÓN DE CAMIÑO EN CASTENDA.-

Acordos adoptados:

Primeiro.- Que polos servizos técnicos urbanísticos se emita informe ao respecto.

Segundo.- Dar traslado e audiencia aos titulares das parcelas lindantes para que aleguen o que estimen conveniente.

17. SOLICITUDE DE ACOMETIDA A REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA.-

Acordos adoptados:

1. Autorizar os enganches, previa liquidación das taxas municipais e darlle traslado deste acordo á empresa concesionaria para que realicen as labores de acometida.

18. ESCRITO DO XEFE DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.-

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

19. AUTO DO 03/06/2015 DO XULGADO CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVO Nº 3 DE A CORUÑA.-

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

20. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE TOURO E O CONCELLO DE TORDOIA PARA O XVIII TORNEO INTERMUNICIPAL DE FÚTBOL SALA SENIOR.-

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

21. CERTIFICACIÓN DE OBRAS INCLUIDAS NO PLAN DTC 93: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS.-

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.